


ABRINDO PORTAS EN GALEGO

**PROXECTO DO ENDL
IEX FÉLIX MURIEL
DE RIANXO**



1. INTRODUCCIÓN: XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO A PARTIR DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

O noso centro xa comeza a destacar na realidade sociolingüística da comunidade por ter un considerable número de alumnado que posúe como primeira lingua o galego, lingua maioritaria no concello, pero que xa non o é da mocidade da comarca do Barbanza, cuxos índices de desgaleguización son alarmantes, tal e como se teñen descrito desde a Coordinadora de ENDL do Barbanza. A presión do castelán estase a notar nas xeracións máis novas, cunha maior presenza nos primeiros cursos da ESO. Isto débese fundamentalmente á baixa consideración da lingua propia que teñen os rianxeiros, o que fai que no seu contorno empreguen o galego como lingua coloquial pero teñan o castelán como lingua do rexistro culto. A continuación presentamos un resumo da análise sociolingüística elaborada a partir das enquisas e demais estudos realizados ao respecto durante varios anos.

1.1 Análise sociolingüística do centro

1. O contorno sociolingüístico do centro é maioritariamente **galegofalante**. O galego é a lingua empregada habitualmente nas comunicacións orais nas familias do concello de Rianxo, por ser esta a lingua materna da maioría da poboación. Con todo, existe algunha diferenza a nivel social (algunhas familias acomodadas empregan o castelán) e detéctase perda de lingua interxeracional.
2. Trátase dunha poboación **diglósica**, que reserva o galego para as situacións orais en contextos coloquiais e prela o castelán nos contextos formais, en especial na escrita, onde non adoita ter dominio do galego.
3. O **alumnado** amosa características similares, coa particularidade de acadar maior destreza no rexistro culto do que o fan os seus maiores. Con todo, o alumnado, malia ser galegófono, non presenta -en xeral- unha competencia moi alta no rexistro culto, ben a nivel escrito ben na destreza oral. Aínda que isto poida parecer estraño nun contexto galegófono, non o é por varias razóns:
 - a) As representacións negativas que teñen do galego, comúns na maioría dos mozos en xeral, e dos galegofalantes en particular.

- b) A consideración negativa que teñen da súa propia fala, debido a:
- pertenceren a unha variedade dialectal moi marcada por conter dous trazos como o seseo e a gheada, estereotipados como propios de xente ruda e de extracción social baixa.
 - interferencias que teñen do castelán, que os leva a definir o seu idiolecto como castrapo. Persiste neles a idea de que “falan mal” o galego, feito que os leva a renunciar a súa lingua en rexistros cultos.
 - sentiren o estándar da súa propia lingua como algo inventado e lonxe do seu idiolecto. Por outra banda consideran que non o dominan, dado que as súas lecturas e a maioría da súa escrita fana en castelán, lingua na que consideran que teñen maior dominio.

Destaca no alumnado un descenso importante e preocupante de galegofalantes en 1º ESO, tanto de lingua inicial como de lingua habitual. Empregan moito as dúas linguas e aumentou o número de monolingües en castelán.

4. O **profesorado** manifesta, de xeito maioritario, posuír un dominio das dúas linguas e empregar o galego nas aulas máis ca na súa vida cotiá e mesmo nos usos con outros compañeiros. Os usos máis altos están entre o profesorado do 1º ciclo da ESO, segundo manifestaron na enquisa realizada para o PLC.
5. A situación lingüística do centro podémola definir como **bastante galeguizada** a nivel xeral.

2. OBXECTIVOS

Neste contexto, onde a maioría do noso alumnado e das súas familias ten unha consideración tan prexuízada da súa lingua propia, os obxectivos fundamentais que nos propoñemos son:

✓ **Dignificar a lingua e aumentar o seu prestixio**

- Demostrar que o galego, a lingua propia e usual de case o 100% dos rianxeiros é unha lingua máis na configuración da Europa multilingüe.
- Demostrar que todos os galegofalantes de Rianxo poden relacionarse co mundo sen renunciar ao galego.
- Facerlles ver que a súa lingua propia é tan válida como calquera outra.
- Demostrar que o galego non é un obstáculo para ser a lingua das empresas da zona. É máis, supón un valor engadido aos nosos produtos.
- Desterrar estereotipos negativos cara ao galego do tipo: o galego é lingua do rural, é lingua das clases baixas...
- Poñer en valor o seu léxico propio, en especial o relacionado co mar.
- Eliminar prexuízos de cara á propia variedade dialectal, para consolidar o seu uso en todos os contextos.
- Eliminar os prexuízos cara ao galego estándar e conseguir que o valoren na súa xusta medida.

✓ **Aumentar usos cultos e consolidar usos coloquiais**

- Promover o seu uso por parte do profesorado, do alumnado e do persoal non docente, tanto no rexistro culto coma no coloquial.
- Promover o mantemento da lingua entre alumnado, profesorado e familias nos rexistros coloquiais ante persoas non galegofalantes con competencia oral da nosa lingua.
- Afianzar o idiolecto do alumnado e das familias, peneirándolle os castelanismos, para desterrar a idea de que falan “castrapo” é dicir, de que “falan mal”.
- Fomentar a lectura en lingua galega entre toda a comunidade educativa, para consolidar o rexistro culto da lingua.

- Mellorar a competencia lingüística entre alumnado, profesorado e persoal non docente.
 - Realizar comunicacións a nivel internacional sen abandonar o galego e demostrando que non é imprescindible o castelán.
- ✓ **Implicar todos os axentes escolares neste proceso**
- Conseguir a participación da maioría do profesorado e do alumnado nas actividades que fomenten o uso da lingua galega.
 - Organizar actuacións que cheguen a pais, nais e titores.
 - Implicar a ANPA nas diferentes actividades que se desenvolven no ENDL, procurando a máxima participación e colaboración.
 - Tentar integrar a planificación lingüística do centro en todos aqueles proxectos e planos que os diferentes equipos docentes desenvolvan, ben sexa naqueles prescritivos (plan lector, plan de desenvolvemento das TIC, plan de mellora da biblioteca escolar...) como en calquera outro que de xeito voluntario se integre o centro, para a súa inclusión no proxecto educativo (PE) e na PXA.
- ✓ **Contribuír á dinamización lingüística do contexto**
- Dinamizar o uso do galego no centro de xeito que repercuta no exterior.
 - Concienciar empresarios e comerciantes da importancia do uso da lingua propia.
 - Contribuír a normativizar a papelería e o rotulado das empresas de restauración do concello.
 - Eliminar prexuízos sobre o uso do galego no sector turístico.
 - Facilitarlles materiais a comerciantes e empresarios para aumentaren o uso do galego.
 - Normalizar o uso do galego nas escolas deportivas.
 - Recuperar léxico e terminoloxía tradicional ligado co mar entre os mariñeiros/as, mariscadores/as, bateiros/as...
 - Difundir a actividade normalizadora entre as entidades da contorna a través do intercambio.
 - Colaborar con outros equipos de normalización dos centros do concello pero tamén da comarca a través tanto de actividades colectivas realizadas nas dúas coordinadoras comarcais das que formamos parte, coma de actividades puntuais con algúns deles.

En resumo, o ENDL do IES Félix Muriel de Rianxo, ten o seu obxectivo principal moi claro: conseguir a normalidade da lingua galega dentro da comunidade escolar e do seu contorno. Para iso ten que facer que o galego estea presente en actividades onde se requira un rexistro culto, en especial na escrita, e programar actuacións que leven a mellorar as actitudes cara á lingua propia.

3. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

3.1. ACTIVIDADES E METODOLOXÍA

A continuación expoñemos as actividades que van configurar este proxecto, que son as seguintes:

Actividade 1. A Europa multilingüe: “Abrindo portas co galego”

Actividade 2. “No meu lar, na miña lingua”

Actividade 3. Revista “Bico da ría” e blog “O castelo da lúa”

Actividade 4. Club de lectura e blog “Ex-libris”

Actividade 5. Banda deseñada contra os prexuízos

Actividade 6. Ciclo “O galego serve para... todos os ámbitos”

Na descrición de cada unha delas inclúese a metodoloxía que se empregará para poñelas en práctica, que pasa sempre pola implicación do maior número de alumnado, profesorado, pais e entidades externas ao centro.

ACTIVIDADE 1.

A EUROPA MULTILINGÜE: “ABRINDO PORTAS EN GALEGO”

Descrición

Este curso imos comezar un proxecto moi ambicioso de cara a **eliminar prexuízos** entre o noso alumnado, que é maioritariamente galegofalante.

O IES Félix Muriel sitúase nun contexto galegófono con moitos prexuízos cara á lingua propia, tal e como ficou dito na introdución. A baixa consideración dos falantes canto a súa lingua viuse acrecentada nos últimos tempos a partir dos ataques intencionados que desde diversos sectores e organizacións, sociais e políticas, está recibindo. Expresións como “o galego non vale para nada” ou “é mellor falar castelán” “galego non sabemos falar” escóitanselles adoito aos alumnos. Levamos anos tentando, con diversas iniciativas, atallar esta cuestión con actividades que foron creando unha conciencia máis positiva cara á lingua, pero aínda queda moito por facer.

Coa idea de procurar novas estratexias para acadarmos os mesmos obxectivos ca outros anos comezamos por buscar amparo no Programa Europeo Comenius, que principia este ano e do que o profesorado integrante do ENDL formamos parte. Así, deseñamos o proxecto que leva por título “A Europa multilingüe: abrindo portas co galego”.

Aproveitando a oportunidade que brinda o proxecto Comenius, contactamos con catro centros en rexións fronteirizas de Alemaña, Polonia e Grecia situadas xeograficamente á marxe e lonxe do centro do seu Estado correspondente.

Así pretendemos:

✓ **Presentarnos ao mundo en galego.**

A promoción da nosa escola dentro da súa comunidade (concello) farase en lingua galega, que é o elemento común que nos vertebra e nos identifica. Este elemento é común ao resto da comunidade autónoma (aínda que non todos os habitantes a teñan como lingua habitual). Este elemento diferenciador, símbolo da nosa realidade cultural, servirá para presentarnos ao mundo.

- ✓ **Demostrar dentro da nosa comunidade que o galego SERVE para estar en Europa.**

A través da edición dos materiais do proxecto, e de todas as actividades paralelas, queremos demostrarlle á comunidade escolar do IES e a todos os habitantes do concello, que **non hai por que renunciar ao galego** para se relacionar con outros europeos. Dunha vez que se vai empregar o inglés como lingua franca dentro do Proxecto Comenius, podemos dar a coñecer a nosa lingua e difundila diante de profesorado e alumnado cuxas linguas maternas non son da familia lingüística románica.

- ✓ **Promocionar o noso e elevar a autoestima do alumnado**

No contexto do proxecto Comenius cada centro debe representar a súa escola e a súa comunidade diante dos outros, dándolle valor ao seu. Desta maneira, implicando o alumnado nun proceso de promoción do propio e de contraste co alleo (con alleo non nos referimos ao español senón europeo) pretendemos **elevar a autoestima do alumnado** para así **eliminar prexuizos** cara á lingua propia.

- ✓ **Erguer pontes nunha Europa plural**

O contraste coas outras rexións do programa que contan con linguas minoritarias, e nalgúns casos minorizadas, axudará a erguer pontes entre diferentes comunidades nunha Europa que teñen que identificar como plural.

En definitiva, pretendemos que, ao final do proxecto, toda a comunidade educativa, e se é posible, todo o concello de Rianxo, teña asumida as mensaxes máis importantes que imos lanzar:

- Formamos parte dunha Europa plurilingüe.
- Temos unha lingua propia e a nosa comunidade educativa sente alado dela.
- Podemos relacionarnos co mundo sen renunciar ao galego.

Obxectivos

O noso principal obxectivo apunta á **eliminación dos prexuízos lingüísticos** contra o galego, nunha estendida situación social de autoxenreira. Moitos galegos sitúan a lingua propia da comunidade como inferior ao castelán. A isto cómpre engadir un discurso que comeza a callar socialmente sobre que a súa promoción na educación pode mesmo ser prexudicial, ou cando menos, un atranco.

Polo tanto, a **posta en valor da lingua propia**, abríndoa á realidade da Europa multilingüe, será o eixe vertebrador no que fíemos o noso proxecto.

Obxectivos particulares

Comezamos este proxecto (plurianual) cuns obxectivos particulares que pretendemos acadar este ano:

- Darlle a profesorado e alumnado a oportunidade de coñecer 6 países (os que integran o proxecto e máis algúns veciños –no noso caso Portugal-) a partir das súas rexións estremeiras para así superar estereotipos.
- Crear entre todos un glosario con expresións útiles relacionadas coas viaxes.
- Proporcionar a alumnado e profesorado dos diferentes países a posibilidade de cooperar e producir películas (reportaxes) , folletos promocionais, páxinas web.
- Motivar a alumnado e profesorado para aprenderen linguas.
- Promocionar as TIC na educación.
- Levar a normalización ao ámbito empresarial do concello, sobre todo ao sector turístico: restaurantes, hoteis, casas de turismo rural...

Actividades compartidas co Proxecto Comenius

1. **Intercambio con visitas guiadas.** O noso centro vai ser o primeiro que faga de anfitrión no mes de outubro. O programa de actividades para a semana do 19 ao 23 de outubro é o que segue:

LUNS 19	Chegada dos visitantes. Xuntanza do profesorado dos distintos países nunha cea de presentación.
MARTES 20	Acto de benvida no IES e visita ao centro. Visita ao Parque Natural de Corrubedo, Curota, Dolmen de Axeitos e Castro de Baroña ou Neixón.
MÉRCORES 21	Visita a Santiago.
XOVES 22	Saída a Portugal (Viana do Castelo) e visita das cidades na estrema (Tui e Valença).
VENRES 23	Reunión de traballo no IES para tratarmos diversos aspectos do proxecto (temporalización, planificación de informes e curtametraxes, avaliación da visita...).
	Serán tradicional coa participación de alumnado, profesorado e familias.

O alumnado vai actuar de guía nas visitas que nos farán os socios participantes. A lingua común vai ser o inglés pero tamén terá cabida, xaora, o galego.

Na visita a Viana do Castelo, o alumnado de portugués do IES será guía pois é o que está a preparar a presentación.

2. Vídeo promocional

Cada centro tense que encargar de realizar un vídeo promocional da súa zona onde se destaquen os aspectos máis salientables da rexión. O noso vídeo contará con subtítulos en inglés.

Os contidos amosarán os aspectos sobranceiros do concello de Rianxo, cunha panorámica da comarca do Barbanza. Salientaremos a importancia de posuírmos unha lingua propia, maioritaria no concello. Para a realización deste vídeo contactaremos con varias empresas locais: carpinteiros de ribeira, mariñeiros, restauradores e bateeiros para falaren da nosa economía. Dedicarémoslle un apartado especial á gastronomía. Para iso, o alumnado participará cos propietarios de restaurantes dando a coñecer os nosos produtos típicos, insistindo nos nomes en lingua galega dos produtos.

3. Folleto promocional

Tamén se realizará un folleto que resalte os aspectos idiosincráticos de cada zona. Bilingüe en inglés e galego. Este ano seleccionárase a información a partir dos contidos do vídeo, pero a maquetaxe e edición serán para o vindeiro curso.

4. Guía práctica de conversación multilingüe

Vaise realizar un glosario en 8 ou 9 linguas (inglés, galego, alemán, grego, polaco, portugués, francés, castelán e -se cadra- baixo-alemán) de expresións útiles relativas ás viaxes para axudar na comunicación entre rexións. No noso IES seleccionamos a información segmentada nos diferentes temas: horas, transportes, gastronomía, urxencias, visitas... Elaboramos o documento base en inglés e galego, logo faremos a tradución a castelán, francés e portugués.

5. Páxina web

A páxina crearase en inglés, a lingua franca do proxecto, pero vanse realizar resumos nas linguas locais e aí vai aparecer o galego como lingua propia de noso.

6. Videoconferencias

As comunicacións mensuais entre os membros do proxecto, tanto do alumnado coma do profesorado, faranse en inglés, pero desde o noso IES o galego funcionará como lingua vehicular en calquera soporte que debamos empregar.

Actividades paralelas ao Proxecto Comenius

Nesta subepígrafe acordamos incluír unha serie de actividades que –sen formaren parte do programa específico do Comenius no que participan todos os socios, teñen razón de ser dentro do noso ENDL. Son:

1. Presentación do proxecto

No mes de outubro, aproveitando a posta en marcha do proxecto Comenius, e co gallo da súa presentación, imos colocar unha bandeira na fachada do edificio do IES co lema do noso proxecto: *Abrindo portas en galego*. A carón estará outra coa benvida para os socios europeos que nos van visitar entre o 19 e 23 de outubro, pero unha vez rematada a visita esta retirárase e ficará o noso lema durante todo o ano.

Encetamos tamén unha sección na revista destinada a este proxecto que servirá de espazo para transmitir a mensaxe fundamental desta actividade: **eliminar prexuízos cara ao galego demostrando que é unha lingua importante e útil**. Tamén no blog hase aproveitar a sección “O mundo do ensino” para informar do desenvolvemento do proxecto e transmitir a mesma mensaxe (vid. páx.18).

2. Vídeos “Abrindo portas en galego” para eliminar prexuízos

Na liña do intercambio intercultural e idiomático, acordamos entrar en contacto cos lectores e lectoras de lingua galega que traballan nas universidades dos países socios do proxecto: Alemaña e Polonia. Ademais de lle solicitar mostras de textos que poidan ser do interese do noso alumnado e profesorado, que estean traducidos do alemán e do polaco ao galego, imos pedir a súa colaboración para faceren gravacións entre o seu alumnado nas que se presenten e expoñan algunhas razóns para aprenderen a nosa lingua. Propoñeríámoslles quizais que ao final todos rematasen dicindo: “Abrindo portas en galego”, para insistir na mensaxe deste proxecto.

Do mesmo xeito, na semana da visita a Rianxo dos participantes no intercambio, imos facer unha pequena gravación co profesorado e alumnado visitante, ao que se lles vai pedir que saúden en galego e mais que digan este lema.

3. Videoconferencias

Aproveitando o soporte técnico para desenvolver as videoconferencias cos socios do programa Comenius, organizaremos unhas videoconferencias entre o alumnado do centro e os estudantes estranxeiros que estean a aprender galego en varios lectorados de diversas universidades europeas. O tema de conversa poderá ser definido en cada caso. A única condición será empregar o galego para conversar.

4. Campaña de fomento do galego no sector empresarial.

Esta campaña está pensada como unha continuación daquela que lanzamos hai un par de anos: “Vendendo ou mercando: galego imos falando”. A nosa idea é comezar polo sector turístico, polas mesmas razóns que expuxemos no punto anterior. Principiaremos por restauradores, incluíndo o sector da hospedaría (hoteis, casas de turismo rural...) pero tamén todo o que quede enmarcado dentro do sector da empresa turística. O obxectivo é facerlles ver o importante que é promocionar o propio e como, para iso, xoga un papel moi fundamental a lingua de noso. Na nosa intención está demostrarlles a importancia, por un poñer, de que se promocionen as “xoubas” e os mexillóns de Rianxo, fronte á “sardinilla” que pode ser de calquera sitio e ao mesmo tempo demostrarlles que este valor non vai en detrimento de empregar outras linguas nos seus locais, pero tendo sempre presente a galega. Nun segundo paso tentariamos chegar tamén ao resto das empresas, sobre todo as conserveiras que etiquetan produtos. A campaña constará de **carteis e dípticos**. Estes conterán un decálogo de razóns para empregar o galego na empresa para que, polo menos, fagan reflexionar aos empresarios sobre a cuestión e mostrar certa actitude positiva ao respecto. Váiselle pedir á Confederación de Empresarios de Galicia que colabore co proxecto introducindo o seu logo.

5. Tradución de cartas de restaurantes

Esta actividade desenvolverase após de se entregaren os dípticos da campaña anterior.

Logo de ir onde os restauradores para gravar o vídeo promocional, vaise ofrecer o servizo de tradución das cartas aos idiomas que pidan, sempre que se inclúa o galego.

Ao resto dos empresarios ofreceráselles o servizo a través dunha carta enviada ben por correo postal, ben a través do alumnado do ENDL, na que se lles pedirá que contacten connosco para manifestaren o seu interese.

O alumnado asumirá a responsabilidade de visitar os restaurantes e casas de xantar recollendo os menús. Así que os teñamos todos, organizaremos un grupo de alumnado que, dirixidos por unha profesora de lingua galega, farán a tradución das cartas ao galego, ao francés, inglés e, de ser posible, tamén ao portugués, segundo o pidan.

O lema podería ser: “abrindo portas en galego” para poder explicar que está dentro dun proxecto máis amplo e buscaríamos un logo común para introducir en todo o material que se editar.

6. Entrega de diplomas.

Aproveitando o deseño de diploma realizado anos atrás para os empresarios participantes na nosa anterior campaña, actualizarémolo e entregaremoslle tamén un diploma este ano a aqueles que se integren neste proxecto.

ACTIVIDADE 2. NO MEU MAR, NA MIÑA LINGUA

Descrición

No marco deste proxecto titulado *Abrindo portas en galego*, incluimos tamén a normativización do léxico relacionado co mar, un dos recursos económicos máis salientables do concello de Rianxo.

Esta actividade, que xa se comezou no curso 2007-2008 e que continuamos o curso pasado, traballou principalmente en dous campos léxicos: o das embarcacións tradicionais e o dos deportes náuticos. Ata o momento conseguimos rematar o estudo terminolóxico de todos os campos que nos propuxemos e editar os seguintes materiais:

- Láminas ilustrativas con deseños de embarcacións e as denominacións das diferentes partes. Editáronse seis que recollen os distintos campos estudados: embarcación tradicional, de vela, de remo de banco fixo, canoa, piragua e xeiteira.
- Vocabulario ilustrado en soporte electrónico e en papel.
- Curtametraxes sobre os deportes náuticos e a carpintería de ribeira.

Desta maneira contribuímos á posta en valor do seu mundo na súa lingua para elevar así a súa autoestima.

Obxectivos

Neste curso consideramos interesante proseguir nesta actividade para afondar nos obxectivos marcados, que se poden resumir en:

- Normativizar a terminoloxía dos deportes que practica boa parte do alumnado
- Recuperar terminoloxía relacionada coas embarcacións tradicionais.
- Crear conciencia entre a poboación rianxeira da importancia do patrimonio oral.
- Facer reflexionar á comunidade educativa sobre os usos do rexistro formal.
- Poñer en relación ao alumnado coas persoas doutras xeracións.

- Fomentar as relacións entre a comunidade educativa e as entidades deportivas (club de remo, vela e piragüismo), empresas e institucións relacionadas co mundo do mar, mariñeiros...

Actividades

Para isto, neste curso imos dedicarnos a:

1. Promocionarnos fóra das nosas fronteiras

Promocionar entre os países visitantes **o noso patrimonio marítimo tanto material como inmaterial** axudará a eliminar prexuizos e a subir a autoestima do noso alumnado e familias.

2. Mellorar as edicións dos vocabularios en formato electrónico e papel.

A primeira edición impresa o curso pasado non estaba completa pois faltaba: introducir fotografías de vela, introducir os termos referidos á batea, que xa foron investigados pero que non deu tempo a maquetar, e contrastar a adecuación dalgunhas definicións cos especialistas na materia.

3. Presentación pública do proxecto.

Organizaremos ante os medios de comunicación e a sociedade en xeral unha xornada pública de presentación do proxecto no auditorio do concello á que se convidarán a todas as autoridades, representantes dos sectores implicados, deportistas famosos dos ámbitos estudados... Tentaremos así dar a coñecer todos os materiais e insistiremos en valorar o noso patrimonio.

ACTIVIDADE 3. REVISTA E BLOG

Descrición

A revista *Bico da ría* (www.bicodaria.com ou www.bicodaria.org) e mais o blog *O Castelo da lúa* son os órganos de comunicación e información do ENDL.

Obxectivos

A revista e o blog contribúen aos nosos obxectivos neste proxecto porque:

- Promoven o uso do galego nos textos escritos, tanto no ámbito creativo coma ensaístico.
- Danlle ao alumnado, profesorado e pais a posibilidade de publicaren os seus traballos de creación ou investigación en lingua galega.
- Fomentan o uso e o coñecemento das TIC entre toda a comunidade educativa e mais o uso do galego nas TIC.
- Motivan o alumnado no traballo do ENDL.
- Crean un espazo común na rede para intercambio de novas dos centros da contorna.
- Implican as familias nas actividades do ENDL e achegan a comunidade educativa ao ámbito da normalización lingüística.

Actividades

Estes espazos dixitais do ENDL van dar conta do desenvolvemento das actividades que abranguen todo o proxecto por medio das seccións correspondentes.

A sección “**O mundo do ensino**”, xa existente no blog, será destinada a que o alumnado do equipo participante no intercambio vaia expoñendo o percorrido do mesmo.

Este curso creamos na revista unha sección nova, titulada “**Abrindo portas en galego**”, encargada de recoller a información máis formal sobre o tema e, sobre todo, será onde se carguen os vídeos de promoción da nosa lingua que pretendemos realizar co alumnado estranxeiro.

Servirá tamén, grazas ao seu **espazo de comentarios**, para que se vaian valorando as actividades.

ACTIVIDADE 4. CLUB DE LECTURA E BLOG EX-LIBRIS

Descrición e obxectivos

Un dos xeitos en que a nosa lingua adquira prestixio e de que o noso alumnado domine o rexistro culto da mesma, é a través da lectura en lingua galega. Por iso mantemos un club de lectura e un blog (www.blogoteca.com/exlibris) no que o alumnado escribe a súa opinión sobre os libros.

Actividades

Fanse reunións entre os membros dos diferentes grupos de lectura, que se forman por niveis educativos e afinidade do alumnado e do profesorado. Este curso o CPI Cernadas de Castro de Lousame pasou a formar parte do noso proxecto Ex-libris e van tamén ler parte dos nosos títulos e van escribir no noso blog.

ACTIVIDADE 5

BANDA DESEÑADA CONTRA OS PREXUÍZOS

Descrición

Ante un alumnado tan inzado de prexuizos cómpre actuar directamente facéndoo reflexionar sobre imaxes negativas concretas contra a súa lingua, para o que pensamos nunha actividade de creación que consistiría na elaboración de cómics a partir de textos da obra *Made in Galiza* de Séchu Sende.

Actividades

O alumnado de 3º e 4º ESO vai traballar sobre os seguintes textos: **“Falar”, “Instrucciones para empezar a hablar gallego”, “A lingua máis difícil”, “Madrith”, “O paracaídas”**. O primeiro paso será elaborar un texto dialogado a partir do contido dos textos. A continuación pasarán o seu texto a banda deseñada, axudados polo profesorado de plástica. Os resultados (cómics), xunto cos relatos orixinais, seranlles despois entregados ao profesorado e a algúns alumnos/as, que actuarán como xurado para faceren unha primeira valoración. Os mellores penduraranse na entrada do edificio para que todo o centro vote o(s) cómic(s) mellor adaptado(s). Con isto non buscamos o mellor ilustrador do centro, senón que a nosa campaña normalizadora teña unha grande difusión. Dado que o curso pasado veu Kiko da Silva ao centro para achegalos ao mundo da banda deseñada en galego, enviáremoslle os finalistas para contarmos coa súa opinión.

ACTIVIDADE 6.

CICLO “O GALEGO SERVE PARA... TODOS OS ÁMBITOS”

Descrición

Por mor do discurso contra o galego que se estivo a xestar nos últimos tempos, acordamos aumentar as charlas nas que se asocia o galego con ámbitos de prestixio, ofrecendo referentes modernos. Para que se implique na organización todo o profesorado, presentóuselle unha programación aos xefes de departamento na primeira CCP (Comisión de Coordinación Pedagóxica) do curso, ofrecéndoselle anotarse naquelas que sexan do seu interese baixo compromiso de motivar e levar o alumnado. Ao se presentar o programa déronse todas as normas para o funcionamento e advertiuse que só se realizarían aquelas nas que se implicaren.

Actividades

No momento de pecharmos este proxecto, moito profesorado fixo a súa solicitude en varias das charlas do programa, que é o seguinte:

1. O galego serve para ... o ámbito científico:

- Socorro Castro (UDC): “Novas apostas enerxéticas: motores de hidróxeno e enerxía electromagnética”
- Carlos Salgado (investigador do CERN): “A aceleración de partículas e a enerxía nuclear”
- Pablo Vázquez (USC): “Un experimento de Física de Partículas”.

2. O galego serve para... a política

- Xosé Luís Barreiro Rivas: “A democracia como cultura: o reto político das novas xeracións”

3. O galego serve para... a xustiza

- Eduardo Porta (avogado): “Lingua e xustiza: casos sonados e dúbidas”
- Begoña Villaverde (USC): “Fraudes fiscais famosos”

4. O galego serve para... os de fóra

- Tadashi Yamamoto (Univ. Tenri): “Galicia-Xapón: tan lonxe, tan preto”

5. O galego serve para... o ámbito económico

- Rei Zentolo: “Xerar riqueza co galego”
- X. R. Pichel (Imaxin Software): “Funcionar en galego na empresa”

3.2. UTILIZACIÓN DE RECURSOS DO CENTRO

Velaquí os recursos do centro ao dispor deste proxecto e o seu emprego:

- Os **ordenadores** con acceso á Internet utilizaranse para realizar todos os traballos que se fíen na redacción textual, na elaboración de material escrito preciso para as actividades e para todas as actividades de deseño e montaxe fotográfica e audiovisual.
- A **cámara de vídeo** servirános para a filmación da curtametraxe e dos vídeos culturais expositivos integrados no Programa Comenius.
- Finalmente, coa **cámara fotográfica** retrataremos as portas tradicionais de raigame mariñeira, propias da arquitectura popular de Rianxo, que funcionarán coma metáfora explicativa do noso proxecto.

3.3. COLABORACIÓNS EXTERNAS

Case todas as accións deste proxecto pretenden contar con colaboración externa: algunha xa está comprometida e outras buscaranse nestes primeiros meses de curso.

- Programa Europeo Comenius
- Concello de Rianxo
- Asociación rianxeira de empresarios
- Empresarios da hostalería
- Confederación de Empresarios de Galicia
- Asociación de bateiros
- Mariñeiros e bateiros
- Escolas deportivas do concello (de vela, remo e piragüismo)
- Lectores/as de galego das universidades de Varsovia, Berlín, Heidelberg, Kiel, Trier e Tübingen
- ENDL do CPI Cernadas de Castro
- Kiko da Silva

4. PLAN DE AVALIACIÓN

- Reunións periódicas dos titores e titoras dos diferentes grupos, nas que se irá comprobando o desenvolvemento do proxecto e facendo axustamentos da programación.
- Cuestionario de valoración de actividades (xa feito no equipo para valorar as actividades realizadas outros anos)
- Foros habilitados nos sitios web (revista e blog do ENDL) para dar entrada ás valoracións ou interese que as actividades espertan nos destinatarios (alumnado, familias, profesorado...)
- Análise ou valoración do grao de colaboración acadado coas empresas, entidades, institucións... ás que van dirixidas as actividades das que pretendemos a colaboración.
- Análise da validez ou funcionamento dos recursos do centro cos que podemos contar.
- Reunión final en grande grupo, co obxecto de valorar o grao de cumprimento ou consecución dos logros acadados respecto dos obxectivos que nos propuxeramos.

5. DIFUSIÓN DO PROXECTO

- ✓ Comunicados aos medios de comunicación (prensa, radio e televisión) dos seguintes eventos:
 - Presentación do proxecto “Abrindo portas co galego”.
 - Visita dos socios europeos.
 - Presentación dos vídeos de “Abrindo portas co galego” (tanto o vídeo promocional coma o vídeo coas gravacións do alumado dos lectorados).
 - Presentación do díptico para os empresarios.
 - Presentación do proxecto de tradución dos menús dos restaurantes.
 - Presentación dos menús xa galeguizados e entrega de diplomas aos empresarios.
 - Presentación do ciclo de conferencias “O galego serve ... para todo”.
 - Presentación dos cómics gañadores do concurso de “Banda deseñada contra os prexuizos”.

- ✓ Xornada pública de presentación de “No meu mar” no auditorio de Rianxo na que se darán a coñecer os vocabularios novos realizados este curso e mais a lámina da batea.

6. IMPLICACIÓN NO PROXECTO EDUCATIVO DO MAIOR NÚMERO POSIBLE DE ALUMNADO

O alumnado é parte fundamental de todas as nosas actuacións non só como destinatario, senón como activista, polo que pensamos este proxecto contando coa colaboración do maior número posible de alumnado do centro. Trataríase de:

- O alumnado do ENDL que nos últimos anos aproximou nos 90 rapaces e rapazas.
- Outro alumnado que, pese a non formar parte do ENDL, incorporaremos en actividades concretas do proxecto: realizar contactos con empresarios, participar na elaboración dos vídeos, traducir as cartas dos restaurantes, facer de guías do alumnado estranxeiro...
- Todo o alumnado de 3º e 4º ESO vai participar vivamente na actividade de banda deseñada.
- O alumnado que recibe nas súas casas aos visitantes dos centros colaboradores no proxecto Comenius. Cómpre destacar que, neste caso, a participación esténdese a todo o núcleo familiar.
- O alumnado de portugués que participará na elaboración do programa da visita a Portugal e actuará de guía na viaxe.